



# IrÃ³n: enredo nuclear

## DescriciÃ³n



Desde 1995, Moscova constitúese o principal socio enerxético e nuclear de IrÃ³n, especialmente coa presenza de 35.000 expertos nucleares rusos en centrais como a de Bushehr e Natanz, onde funcionan reactores de enriquecemento de uranio. VelaÃ³ os obvios intereses estratéxicos de Rusia na actual crise iraniana. (Na imaxe, o reactor nuclear de Bushehr, construído con tecnoloxía alemÃ³a en 1974 co apoio ruso desde 1995. [©GlobalSecurity.org](https://www.globalsecurity.org)).

Non se albiscan solucións inmediatas e prolongada puxa entre Occidente e IrÃ³n polo programa nuclear. A recente xuntanza dos representantes da Axencia Internacional de Enerxía Atómica, AIEA, en Viena, así como o previo cumio ruso-iraniano de Moscova, non clarificou ata que punto son efectivos os mecanismos diplomáticos e políticos. Mentres estase a considerar se o dossier iraniano será levado ao Consello de Seguridade da ONU.

Polo tanto, todos os escenarios e alternativas quedan abertas. Intentando restar tensión ao panorama, TeherÃ³n declarou estar disposto a asinar unha moratoria parcial de dous anos coa AIEA para enriquecer uranio a pequena escala. A nivel interno, a clase política e teocrática iraniana decidiu pechar filas en torno Ã³s lexítimas demandas nucleares dese país, principalmente diante da posibilidade de que se active un mecanismo militar global contra IrÃ³n.

Pola súa banda, dende Washington declararon que o réxime iraniano busca gañar tempo para manobrar. Rusia e China, socios enerxéticos de IrÃ³n e as súas principais xanelas diplomáticas para afastar a presión occidental, declararon estar a favor das demandas estadounidenses e europeas para coaccionar a TeherÃ³n a limitar o seu programa a fins civís. Caso contrario, a crise iraniana se desenvolverá no seo do Consello de Seguridade, con posibles sancións

económicas e políticas.

Esta crise revela dúas claves políticas. A primeira ten que ver coa evidente falta de equidade por parte das potencias occidentais e hora de analizar a proliferación nuclear e os seus riscos. Non deixa de ser significativo que, en vésperas da discusión de Viena, o presidente estadounidense George W. Bush viaxara a India e Paquistán, dúas potencias nucleares que, xunto a Israel e a diferenza de Irán, non asinaron o Tratado de Non Proliferación Nuclear. Premiando a India cunha serie de vantaxes en materia de cooperación enerxética e cualificando a este país como un aliado, Bush se agardaba disuadir e a coaccionar a Irán diante das posibles accións unilaterais estadounidenses, mesmo a nivel militar.

Pero este perfil disuasor de Bush, xunto á actual conxuntura internacional, non contribúen en nada a canalizar a crise iraniana polos mecanismos da negociación. Afondan, nesta perspectiva, a sensación de acoso e ameaza que se vive en Teherán. Vela o carácter de denuncia, plasmada polo presidente Mahmud Ahmadineyad, sobre a iniquidade occidental cara Irán, cando países como India, Paquistán e Israel non foron sancionados nin levados diante o Consello de Seguridade, así como as advertencias de que Irán renunciará ao Tratado de Non Proliferación.

O segundo factor consiste na renovada activación da diplomacia rusa como elemento clave na resolución da crise iraniana. O papel que xoga o goberno de Vladimir Putin nas discusións bilaterais con Teherán e dentro da AIEA pode explicar esta especie de revival político ruso no escenario internacional. Desde 1995, Moscova constitúe o principal socio enerxético e nuclear de Irán, especialmente ante a presenza de 35.000 expertos nucleares rusos en centrais como a de Bushehr e Natanz, onde funcionan reactores de enriquecemento de uranio.

Obviamente, Rusia posúe claros intereses estratégicos. Mais, á vez aparece sosegando e apoiando a Occidente como negociador que presiona a Irán. Esta dobre estratexia rusa consiste en exercer unha vía de entrada xeopolítica de Oriente Medio, coas súas implicacións en materia petroleira e de gas natural, virtutes primordiais da fortaleza rusa a nivel global. Esta estratexia de apaciguamento con Teherán tamén permite ao presidente Putin manter a Irán como socio comercial e amortecer unha eventual influencia iraniana no mar Caspio e Asia Central, baixo parámetros enerxéticos e políticos. Os recentes contactos de Ahmadineyad cos presidentes de Tadxikistán, Uzbekistán e Acerbaixán, semellan revelar eses temores rusos.

Neste sentido, se pode cuestionar. Se a crise iraniana non se canaliza pola vía diplomática, estamos á portas dunha nova guerra en Oriente Medio?

As implicacións políticas e o alto nivel de negociación bilateral augura momentos tensos pero tamén probables solucións negociadas, aínda que o factor bélico segue a ser unha preocupante possibilidade. Se para Occidente o programa nuclear iraniano constitúe un risco e unha ameaza á seguridade global, este non resulta menos perigoso na India, Paquistán ou Israel, o que tamén acrecenta o risco global de proliferación nuclear.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Data de creación

Marzo 10, 2006

## Metacampos

Autoría : 3713

Data publicación : 2006-03-10 00:00:00